

Disposición derradeira segunda. *Réxime supletorio.*

No non previsto nesta lei aplicárase a lexislación de protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21492 *LEI 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción. («BOE» 299, do 14-12-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Os principios que inspiran esta lei fundaméntanse no mandato da Constitución española que, no punto 2 do seu artigo 9, ordena aos poderes públicos facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social do noso país, o que motiva o lexislador para que recolla a necesidade de establecer canles axeitadas que faciliten tal participación, especialmente a daquelas persoas que por circunstancias diversas estean en situacións de dificultade e exclusión social.

Por outra parte, estas persoas particularmente desfavorecidas, en situacións de marxinación ou de exclusión, atopan especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo, debido ás súas carencias sociais, económicas, educativas e de cualificación laboral, co que o exercicio dun traballo, dereito e deber de todo cidadán consagrado no artigo 35 da Constitución, presenta para elas numerosos problemas debido á desmotivación persoal, ao descoñecemento ou abandono dos hábitos sociais e laborais básicos, así como á carencia de niveis educativos mínimos e á falta de adaptación profesional.

As transformacións que están experimentando a economía, a sociedade, os continuos avances tecnolóxicos e os cambios nos hábitos laborais e nos sistemas de organización de traballo, xunto coa perda de lazos sociais e familiares, configuran algunhas das múltiples causas da exclusión social.

A relación co mundo do emprego é referente obrigado á hora de abordar os procesos de integración social. A poboación en idade laboral atopa no emprego non só unha fonte de ingresos, senón tamén a orixe de toda unha rede de relacións sociais que facilitan a integración.

Un trazo común a case todas as situacións de exclusión social é a dificultade para participar nos mecanismos habituais de formación e inserción laboral. Por iso é esencial involucrar na loita contra a exclusión social as dife-

rentes administracións públicas, dentro dos seus ámbitos de competencias e medios, a través de accións de integración encamiñadas a potenciar a plena participación dos colectivos afectados por esta situación.

A eficacia das políticas dos poderes públicos destinadas a promover o emprego e a loita contra a exclusión social dependerá da capacidade que estes teñan para dar resposta ás devanditas situacións e para se implicar nas correspondentes solucións. Este modelo de política social baséase fundamentalmente na incorporación de novas formas de organización.

No ámbito comunitario cabe resaltar que un dos tres obxectivos globais da estratexia europea de emprego (EEE) é consolidar a inclusión social, previr a exclusión do mercado laboral e apoiar a integración no emprego das persoas desfavorecidas. As directrices integradas establecidas baixo as tres prioridades da EEE (oferta de man de obra, adaptabilidade, capital humano) prestan unha considerable atención á promoción dun mercado laboral inclusivo.

Neste sentido, a Comunicación da Comisión Europea de 2005 sobre a Axenda Social na Unión Europea anunciou a proposición por parte da Comisión Europea dun Ano Europeo (2010) da loita contra a pobreza e a exclusión social. Ese ano servirá para medir os progresos logrados durante a década e para poñer de manifesto a especial vulnerabilidade dos grupos de poboación con maiores dificultades.

II

Como novos modelos de actuación nesta materia atópanse as empresas de inserción, que constitúen unha tipoloxía especial dentro das empresas de carácter social e confirman que o emprego é e será para os máis desfavorecidos e excluídos un dos principais vectores de inserción social e unha forma de participación na actividade da sociedade.

As iniciativas desenvolvidas polas empresas de inserción neste campo no Estado foron numerosas nos últimos anos e supuxeron o apoio continuo ás persoas máis desfavorecidas na sociedade que participan nelas; están ligadas ao territorio e ás necesidades de traballo na zona, buscan espazos no mundo laboral e crean postos de traballo.

Son iniciativas que, mediante a actividade empresarial, acompañadas de actuacións sociais e de inserción social, fan posible a inclusión sociolaboral de persoas excluídas para a súa posterior colocación en empresas convencionais ou en proxectos de autoemprego.

As metodoloxías que se desenvolven durante un itinerario de inserción, dentro do cal se leva a cabo a actividade laboral na empresa de inserción, teñen como obxectivo potenciar as capacidades das persoas a través dos coñecementos técnicos, habituación sociolaboral e determinación de prioridades axeitadas ás súas posibilidades e ás do mercado laboral.

Trátase de regular as empresas de inserción co obxectivo de servir como un instrumento máis á inserción dos sectores excluídos da sociedade, articulándose neste caso tal inserción a través dunha prestación laboral na empresa de inserción que permita a transición da persoa en situación de exclusión social ao emprego ordinario.

Por todo iso, considérase necesario establecer a nivel nacional un marco legal para as empresas de inserción tal e como se determina no Programa nacional de reformas do Reino de España e no IV Plan nacional de acción para a inclusión social 2006-2008, que propicie e promova o emprego de persoas en situación de exclusión para a súa incorporación ao mercado de traballo.

Neste sentido, a disposición derradeira quinta da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, incorpora o mandato de aprobar

unha norma con rango de lei, no prazo de seis meses desde a súa aprobación, e logo de consulta coas organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, incluíndo as do sector afectado, co fin de regular o réxime das empresas de inserción.

Na discusión dos distintos borradores elaborados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais consideráronse as achegas levadas a cabo polos axentes sociais, UGT, CC.OO., CEOE e CEPYME en proceso de consulta, así como as opinións do propio sector das empresas de inserción representadas por FEDEI-CEPES. Así mesmo, as distintas comunidades autónomas foron tidas en conta, tanto na fase de borrador como na fase de anteproxecto por medio do intercambio de criterios efectuado na Conferencia Sectorial realizada para tratar especificamente a información sobre o texto presentado no Consello de Ministros.

O Consello Económico e Social emitiu ditame o 27 de xuño de 2007 e incorporou distintas observacións realizadas ao referido texto.

III

Esta norma inscríbese dentro da competencia exclusiva que o artigo 149.1.7.^a da Constitución lle atribúe ao Estado en materia de lexislación laboral, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla en materia de asistencia social.

A lei estrutúrase en seis capítulos, con dezaoito artigos, cinco disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

No capítulo I establécense o obxecto e os fins da lei, e defínense os traballadores contratados polas empresas de inserción destinatarios dos procesos e medidas para a inserción sociolaboral: persoas en situación de exclusión social, con especiais dificultades para o seu acceso ao mercado de traballo, e pertencentes a colectivos socialmente desfavorecidos.

Os colectivos en situación de exclusión social determináanse de conformidade coa Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, engadindo os colectivos procedentes de centros de aloxamento alternativo e os procedentes de servizos de prevención e inserción social autorizados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

A cualificación da situación de exclusión social confírese aos servizos sociais públicos competentes. Para tales efectos considéranse competentes os correspondentes das comunidades autónomas de conformidade co disposto no artigo 148.1.20 da Constitución española e o establecido nas distintas leis orgánicas de estatutos de autonomía, así como, no ámbito local, os determinados polos municipios de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme o que establece a lexislación estatal ou autonómica.

Defínense os itinerarios de inserción sociolaboral, que seguirán estas persoas, dentro dos cales desenvolverán a súa actividade laboral de tránsito como un medio máis para facilitar a súa integración na sociedade.

O capítulo II establece o réxime xurídico das empresas de inserción. A empresa de inserción que define a norma é aquela sociedade mercantil, incluídas polo tanto as sociedades laborais, ou sociedade cooperativa que, debidamente cualificada, realice calquera actividade económica de produción de bens ou prestación de servizos, tendo como fin primordial do seu obxecto social a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social.

Por outra parte, dado que as empresas de inserción responden á finalidade da inserción social de persoas especialmente desfavorecidas, xunto ao feito dunha

necesaria tutela por parte das administracións públicas, teñen que reinvestir a maior parte dos seus posibles beneficios económicos na ampliación ou mellora das súas estruturas produtivas ou de inserción.

Así mesmo, regúlase a porcentaxe de traballadores en proceso de inserción que estas empresas deben ter respecto ao total dos traballadores do cadro de persoal.

Ademais, o fin de inserción social deste tipo de empresas fai necesario recoller o requisito indispensable de estaren estas promovidas e participadas por unha ou varias entidades promotoras, definíndoas e establecéndose a porcentaxe da participación naquelas.

Finalmente, recóllese a creación dun rexistro administrativo das empresas de inserción no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para os efectos informativos, sen prexuízo das competencias exercidas nesta materia polas comunidades autónomas.

Defínense na norma os actos rexistrados, de cualificación e descualificación así como a documentación suxeita a constancia rexistral.

No capítulo III defínese a actuación da Administración pública responsable, en cada caso, dos servizos sociais públicos competentes e dos servizos públicos de emprego en relación cos procesos de inserción, e recóllense accións previas á incorporación dos traballadores ás empresas de inserción, así como de seguimento e apoio a estes unha vez finalizada a súa estada nas ditas empresas.

No capítulo IV desenvólvese a relación laboral que se debe concertar entre un traballador cualificado en situación de exclusión e unha empresa de inserción, tendo por obxecto a prestación dun traballo retribuído acompañado dun itinerario de inserción personalizado previamente definido.

Na súa regulación tivéronse en conta as características dos traballadores en proceso de inserción, así como as peculiaridades da empresa de inserción, situando a relación laboral dentro do marco común que se establece no Estatuto dos traballadores, e recóllense no texto determinadas particularidades inherentes ás relacións e condicións de traballo existentes nestas empresas.

Como principal característica, adáptase o contrato de traballo temporal de fomento do emprego como modalidade contractual vinculada á execución dun itinerario de inserción, que se poderá concertar, como regra xeral, por un período mínimo de doce meses e máximo de tres anos.

Dentro das medidas de promoción das empresas de inserción considéranse, no capítulo V, diversas axudas encamiñadas á contratación de persoas cualificadas en situación de exclusión social, así como unha serie de subvencións que puidesen compensar os sobrecostos laborais pola menor produtividade destas persoas na actividade empresarial, e as axudas correspondentes ao seguimento do itinerario de inserción social.

Así mesmo, recoñécense outras axudas para a creación e o desenvolvemento de empresas de inserción.

O capítulo VI está dedicado ao establecemento do réxime de infraccións e sancións, que se desenvolve mediante a disposición derradeira primeira.

Entre as disposicións adicionais recóllese, como consecuencia das demandas de distintas comunidades autónomas na Conferencia Sectorial que tivo lugar para a elaboración do o informe desta lei, a designación do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, así como a competencia dos servizos sociais e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, para os efectos de levar a cabo a avaliación e o seguimento do cumprimento dos fins previstos nesta norma. De igual forma, introdúcese a excepción do cómputo de traballadores en procesos de inserción para traballadores non socios en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais para evitar a modificación normativa destas sociedades. Así mesmo, recóllense como condicións especiais

de execución dos contratos a inclusión de consideracións relativas á situación da exclusión social dos traballadores vinculados á realización do contrato, de conformidade co disposto na lexislación de contratos do sector público. Ademais, prevese na disposición adicional cuarta, o establecemento de medidas de apoio específicas para traballadores procedentes de empresas de inserción así como para as empresas que os contraten de forma indefinida. Finalmente, a disposición derradeira terceira modifica a disposición adicional segunda da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, en relación coa exclusión social e co fomento do emprego, debendo considerar o artigo 2 da Lei para a regulación do réxime das empresas de inserción.

A raíz das peticións de varias comunidades autónomas na Conferencia Sectorial que tivo lugar para a elaboración do informe desta lei, a disposición transitoria primeira establece un período de adaptación das empresas de inserción xa existentes ás previsións contidas na lei, así como para a adaptación da normativa autonómica e en especial a transitoriedade dos contratos de traballo existentes antes da entrada en vigor da lei.

A disposición transitoria segunda determina que as fundacións e asociacións que, na data de entrada en vigor da lei, manteñan actividades de inserción sociolaboral nos termos definidos para as empresas de inserción, gozarán dun período en que, mantendo estas actividades, poidan adoptar a forma xurídica que lles permita ser cualificadas como empresas de inserción. A disposición transitoria terceira recolle o suposto de exercicio das funcións rexistras e de cualificación por parte do rexistro que cree o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de carácter informativo, no caso de que as competencias das comunidades autónomas sobre este particular non fosen exercidas.

En canto ás disposicións derradeiras, débese sinalar que a disposición derradeira primeira desenvolve o artigo 18 da lei, introducindo as modificacións pertinentes na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Por último, a lei, na súa disposición derradeira segunda, recolle a posibilidade do Goberno de modificar os colectivos que se consideran en situación de exclusión social do artigo 2.1, logo de consulta ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas, incluídas as do sector afectado, e logo de informe emitido polas comunidades autónomas.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e fins.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o réxime xurídico das empresas de inserción e establecer un marco que promova a inserción laboral de persoas en situación de exclusión social a través deste tipo de empresas.

Para o cumprimento destes obxectivos, o contido desta lei esténdese a:

- Establecer unha regulación propia para as empresas de inserción, que posibilite o seu desenvolvemento e consolidación.
- Determinar para as empresas de inserción os requisitos necesarios e o procedemento que deben seguir, a través dos itinerarios de inserción, para a incorporación ao mercado ordinario das persoas en situación de exclusión social.
- Establecer un conxunto de medidas para a promoción da inserción sociolaboral a través das empresas

de inserción e delimitar as situacións que, se é o caso, poidan determinar a adopción de tales medidas.

2. O obxectivo do traballo destas persoas nas empresas de inserción é lograr a súa integración no mercado de traballo ordinario, para o cal, a empresa de inserción contratante lles facilitará aos seus traballadores o acceso á formación e á orientación a través das accións e medidas que se establecen nesta lei.

Artigo 2. *Traballadores das empresas de inserción.*

1. As empresas de inserción poderán contratar como traballadores, para os efectos do previsto nesta lei, as persoas en situación de exclusión social desempregadas e inscritas nos servizos públicos de emprego, con especiais dificultades para a súa integración no mercado de traballo, que estean incluídas nalgún destes colectivos:

- Perceptores de rendas mínimas de inserción, ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada comunidade autónoma, así como os membros da unidade de convivencia beneficiarios delas.
- Persoas que non poidan acceder ás prestacións a que se fai referencia no parágrafo anterior, por algunha das seguintes causas:

1.º Falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou para a constitución da unidade perceptora.

2.º O esgotamento do período máximo de percepción legalmente establecido.

c) Rapaces maiores de dezoito anos e menores de trinta, procedentes de institucións de protección de menores.

d) Persoas con problemas de drogodependencia ou outros trastornos aditivos que se atopen en proceso de rehabilitación ou reinserción social.

e) Internos de prisións cuxa situación penal lles permita acceder a un emprego e cuxa relación laboral non estea incluída no ámbito de aplicación da relación laboral especial regulada no artigo 1 do Real decreto 782/2001, do 6 de xullo, así como liberados condicionais e ex-reclusos.

f) Menores internos incluídos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego e cuxa relación laboral non estea incluída no ámbito de aplicación da relación laboral especial a que se refire o artigo 53.4 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, así como os que se atopan en situación de liberdade vixiada e os ex-internos.

g) Persoas procedentes de centros de aloxamento alternativo autorizados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

h) Persoas procedentes de servizos de prevención e inserción social autorizados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

2. A situación de exclusión das persoas pertencentes aos colectivos a que se fai referencia no punto 1 deberá ser acreditada polos servizos sociais públicos competentes.

Enténdese por servizos sociais competentes os correspondentes das comunidades autónomas, de conformidade co disposto no artigo 148.1.20 da Constitución española e o establecido nas distintas leis orgánicas de estatutos de autonomía, así como os determinados polas corporacións locais, de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme o que establece a lexislación estatal ou autonómica.

Artigo 3. *Itinerario de inserción sociolaboral e de servizos de intervención e de acompañamento por medio de empresas de inserción.*

1. As empresas de inserción aplicarán itinerarios de inserción sociolaboral en función dos criterios que establezan os servizos sociais públicos competentes e os servizos públicos de emprego, de acordo coas propias empresas de inserción, tendo que ser aceptados eses itinerarios pola persoa en situación de exclusión social contratada, co obxectivo de promover a súa integración no mercado laboral ordinario, definindo as medidas de intervención e acompañamento que sexan necesarias.

2. As medidas de intervención e acompañamento consistirán no conxunto de servizos, prestacións, accións de orientación, tutoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo, habituación laboral e social encamiñados a satisfacer ou resolver problemas específicos derivados da situación de exclusión que lle dificultan á persoa un normal desenvolvemento do seu itinerario na empresa de inserción.

CAPÍTULO II

As empresas de inserción

Artigo 4. *Concepto de empresa de inserción.*

Terá a consideración de empresa de inserción aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída que, debidamente cualificada polos organismos autonómicos competentes na materia, realice calquera actividade económica de produción de bens e servizos, cuxo obxecto social teña como fin a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social como tránsito ao emprego ordinario.

Para estes efectos deberánlles proporcionar aos traballadores procedentes de situacións consideradas no artigo 2, como parte dos seus itinerarios de inserción, procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo, habituación laboral e social. Así mesmo, estas empresas deberán ter servizos de intervención ou acompañamento para a inserción sociolaboral que faciliten a súa posterior incorporación ao mercado de traballo ordinario.

Artigo 5. *Requisitos.*

As empresas de inserción para os efectos desta lei, ademais de cumprir co establecido no artigo anterior, deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Estar promovidas e participadas por unha ou varias entidades promotoras a que se refire o artigo seguinte. Esta participación será, polo menos, dun cincuenta e un por cento do capital social para as sociedades mercantís. No caso de sociedades cooperativas e sociedades laborais, a dita participación deberase situar nos límites máximos recollidos nas diferentes lexislacións que lles sexa de aplicación aos socios colaboradores ou asociados.

b) Encontrarse inscritas no rexistro correspondente á súa forma xurídica, así como no Rexistro administrativo de empresas de inserción da comunidade autónoma.

c) Manter en cómputo anual, desde a súa cualificación, unha porcentaxe de traballadores en proceso de inserción, calquera que sexa a modalidade de contratación, de, polo menos, o trinta por cento durante os primeiros tres anos de actividade e de, polo menos, o cincuenta por cento do total do cadro de persoal a partir do cuarto ano, non podendo ser o número daqueles inferior a dous.

d) Non realizar actividades económicas distintas ás do seu obxecto social.

e) Aplicar, polo menos, o oitenta por cento dos resultados ou excedentes dispoñibles obtidos en cada exercicio á mellora ou ampliación das súas estruturas produtivas e de inserción.

f) Presentar anualmente un balance social da actividade da empresa que inclúa a memoria económica e social, o grao de inserción no mercado laboral ordinario e a composición do cadro de persoal, a información sobre as tarefas de inserción realizadas e as previsións para o próximo exercicio.

g) Contar cos medios necesarios para cumprir cos compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral.

Artigo 6. *Entidades promotoras.*

Terán tal consideración as entidades sen ánimo de lucro, incluídas as de dereito público, as asociacións sen fins lucrativos e as fundacións, cuxo obxecto social preveña a inserción social de persoas especialmente desfavorecidas, que promovan a constitución de empresas de inserción, nas cales participarán nos termos recollidos na alínea a) do artigo anterior.

Artigo 7. *Cualificación.*

1. A cualificación dunha empresa como empresa de inserción corresponderalle ao órgano administrativo competente da comunidade autónoma onde estea o seu centro de traballo.

2. Para solicitar a cualificación como empresa de inserción e a inscrición no rexistro administrativo, a sociedade mercantil ou cooperativa, deberá estar previamente inscrita como tal no Rexistro mercantil ou no rexistro de sociedades cooperativas, debendo acreditar os requisitos legalmente requiridos para tal cualificación na forma e co procedemento que regulamentariamente se determinen.

As empresas de inserción virán obrigadas a acreditar a súa cualificación, así como o cumprimento exixido no artigo 5 desta lei, ante as respectivas comunidades autónomas onde teñan centros de traballo.

Co obxecto de acreditar os requisitos de cualificación establecidos nas alíneas c), e) e f) do artigo 5, o órgano administrativo competente outorga a cualificación provisional como empresa de inserción se se cumpren os requisitos de cualificación establecidos nas alíneas a), b), d) e g) do citado artigo.

A cualificación definitiva da empresa de inserción certificaraa o rexistro administrativo competente cando se poidan acreditar ante este os requisitos das alíneas c), e) e f) do mencionado artigo no prazo non superior ao ano desde a cualificación provisional.

3. As empresas de inserción poderán incluír na súa denominación os termos «empresa de inserción» ou a súa abreviatura «e.i.».

4. A obtención da cualificación de empresa de inserción, por unha das sociedades susceptibles de seren cualificadas como tal, non se considerará transformación societaria.

Artigo 8. *Perda da cualificación de empresa de inserción.*

1. Serán causas legais de descualificación como empresa de inserción:

a) Incumprir o fin definido no artigo 4 desta lei.
b) Deixar de reunir os requisitos que determinaron a súa cualificación.

2. A descualificación como empresa de inserción será acordada polo órgano competente da cualificación, logo de informe preceptivo da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

3. A descualificación, unha vez firme en vía administrativa, producirá de oficio efectos de baixa rexistral e non implicará necesariamente a disolución da sociedade.

Artigo 9. *Rexistros e información suxeita a constancia rexistral.*

1. As empresas de inserción deberanse inscribir no rexistro competente da comunidade autónoma onde estea o seu centro de traballo.

2. Sen prexuízo do anterior, crearase no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais un rexistro administrativo de empresas de inserción para os únicos efectos de coordinación e intercambio de información.

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais manterá actualizado o dito rexistro e proporcionará semestralmente información estatística sobre o número de empresas de inserción, sector de actividade económica, número de traballadores en proceso de inserción e de traballadores do cadro de persoal e tipos de contratos respectivos.

3. As empresas de inserción, unha vez inscritas, estarán obrigadas a presentar no rexistro administrativo competente da comunidade autónoma dentro dos prazos que se determinen, a seguinte documentación, sen prexuízo daqueloutra que poidan establecer as comunidades autónomas:

a) A documentación acreditativa das modificacións estatutarias que afecten a súa cualificación, unha vez inscritas nos rexistros competentes á súa forma xurídica.

b) O plan de actividades e o orzamento de cada ano con anterioridade ao seu inicio.

c) As contas anuais, o informe de xestión e o balance social correspondente ao peche de cada exercicio económico, sen prexuízo das obrigas de depositar as contas e o informe de xestión nos rexistros que correspondan á súa forma xurídica.

CAPÍTULO III

Empresas de inserción e administracións públicas

Artigo 10. *Actuacións das administracións públicas.*

1. As empresas de inserción, para poder levar a cabo as actuacións de inserción dos traballadores excluídos sociais contratados por elas, poderán dispoñer dos servizos de intervención e acompañamento social que realicen os servizos sociais públicos competentes e aplicar, así mesmo, os itinerarios e procesos de inserción dos traballadores proporcionados polos servizos públicos de emprego.

2. As empresas de inserción relacionaranse cos servizos sociais públicos competentes para os efectos de:

a) Acreditar as situacións de exclusión social a que se refire o punto 1 de artigo 2.

b) Poder acceder aos servizos de intervención e acompañamento social que lles proporcionan os indicados servizos, descritos no artigo 3 desta lei, aos traballadores durante o seu proceso de inserción dentro da empresa.

c) Facilitar o seguimento que corresponde facer aos indicados servizos dos itinerarios e procesos de inserción sociolaboral dos traballadores e prestarlles apoio a aqueles que se incorporen a un posto de traballo no mercado de traballo ordinario, unha vez finalizado o seu proceso de inserción.

d) Calquera outra función que determinen as respectivas normativas autonómicas.

3. As empresas de inserción relacionaranse cos servizos públicos de emprego para os efectos de:

a) Efectuar o seguimento dos itinerarios e procesos de inserción dos traballadores e proporcionar, se é o caso, formación, que corresponde aos indicados servizos, tanto durante o tempo que permanezan contratados na empresa de inserción como con posterioridade a este.

b) Certificar, antes da celebración do contrato, se o traballador, nos dous anos previos á contratación que se pretende realizar, prestou servizos na mesma ou distinta empresa, tendo en conta a excepción establecida no punto 3 do artigo 15 desta lei.

c) Certificar a formación adquirida no marco do itinerario de inserción e, se é o caso, a correspondencia entre a experiencia adquirida e as competencias descritas nos certificados de profesionalidade do Sistema Nacional de Cualificacións.

d) Calquera outra función que determinen as respectivas normativas autonómicas.

CAPÍTULO IV

Relacións laborais dos traballadores en situación de exclusión social nas empresas de inserción

Artigo 11. *Réxime xurídico.*

As relacións laborais vinculadas a procesos de inserción que se concerten entre as empresas de inserción e os traballadores en situación de exclusión social rexeranse polo disposto na Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e o resto da lexislación laboral, sen prexuízo do establecido nesta lei.

Artigo 12. *Contrato de traballo.*

1. O contrato de traballo entre as empresas de inserción e os traballadores en situación de exclusión social poderase celebrar por duración determinada, axustándose ás modalidades de contratación previstas na lexislación laboral, de acordo cos requisitos establecidos no Estatuto dos traballadores e demais normas aplicables, sen prexuízo da duración temporal que necesariamente teña o itinerario de inserción sociolaboral.

Así mesmo, con independencia da causa de contratación, poderase concertar o contrato de traballo que se regula no artigo 15 desta lei.

2. O contrato de traballo, as súas prórrogas e variacións formalizaranse sempre por escrito, no modelo establecido polo Servizo Público de Emprego Estatal e comunicarse á oficina pública de emprego.

Unha copia destes documentos remitirase aos servizos sociais públicos competentes para o seguimento do itinerario personalizado de inserción.

O contrato necesariamente incorporará no correspondente anexo a expresión das obrigas que as partes asumen no desenvolvemento do itinerario persoal de inserción e as medidas concretas que se deberán poñer en práctica.

Artigo 13. *Condicións de traballo.*

As relacións laborais dos traballadores en situación de exclusión social nas empresas de inserción terán as seguintes peculiaridades:

1. O contrato poderase concertar a tempo completo ou parcial, debendo ser, neste caso, a xornada diaria ou

semanal superior á metade da xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable, nos termos establecidos no artigo 12.1 do Estatuto dos traballadores. No suposto de modificación da xornada inicialmente pactada, a empresa de inserción comunicarlles a dita modificación realizada aos servizos sociais públicos competentes.

2. O traballador, logo de aviso e xustificación, terá dereito a se ausentar do traballo, sen perda de remuneración, para asistir a tratamentos de rehabilitación, participar en sesións de formación e readaptación profesional ou realizar calquera outra medida de acompañamento prevista no seu itinerario personalizado de inserción coas pautas que neste se establezan.

Así mesmo, as ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da situación de exclusión social do traballador consideraranse xustificadas cando os servizos sociais públicos competentes así o determinen, e sen prexuízo de que sexan comunicadas polo traballador á empresa.

3. Se ao finalizar un contrato ligado a un proceso de inserción, o traballador continuase na empresa, non se poderá concertar un novo período de proba e computarase o tempo de servizos prestados para os efectos de antigüidade.

4. Cando finalice o contrato, o traballador terá dereito a que o empresario lle entregue un certificado en que conste a duración dos servizos prestados, postos de traballo desempeñados, principais tarefas de cada un deles así como adaptación a estes.

Artigo 14. *Extinción e suspensión do contrato.*

1. Os contratos de traballo extinguíranse segundo o previsto no Estatuto dos traballadores coas particularidades establecidas neste artigo.

2. Non será de aplicación aos traballadores en situación de exclusión social a causa de extinción do contrato, por causas obxectivas, establecida no artigo 52 d) do Estatuto dos traballadores.

Así mesmo, as faltas de asistencia dos traballadores en situación de exclusión social non se computarán para o cálculo do índice de absentismo do total do cadro de persoal do centro de traballo, nin tampouco eses traballadores computarán para o cálculo do cadro de persoal do centro de traballo para os efectos do citado artigo 52 d).

3. Non será de aplicación aos traballadores a que se refire o artigo 2.1 d) desta lei a causa de despedimento disciplinario establecida no artigo 54.2 f) do Estatuto dos traballadores. Nos supostos en que, durante a vixencia do contrato, a empresa de inserción tivese coñecemento de que o traballador incorre na causa mencionada no parágrafo anterior, porao en coñecemento dos servizos sociais públicos competentes, co fin de que estes lle proponan ao traballador afectado iniciar un proceso de deshabitación ou desintoxicación. Neste caso, o contrato de traballo poderase suspender cando, a xuízo dos citados servizos sociais, fose necesario para o éxito do dito proceso. Se o traballador non iniciase ese proceso de deshabitación ou desintoxicación, ou o abandonase sen causa xustificada, considerárase un incumprimento de obrigas asumidas no itinerario de inserción, sendo entón de aplicación o establecido en artigo 54.2.f) do Estatuto dos traballadores.

4. Os servizos sociais públicos competentes emitirán informe con carácter previo á extinción do contrato de traballo, calquera que sexa a súa causa.

Así mesmo, o empresario comunicarlles aos citados servizos e aos servizos públicos de emprego a extinción do contrato de traballo dos traballadores contratados, calquera que sexa tamén a causa de extinción do contrato.

Artigo 15. *Contrato temporal de fomento do emprego.*

1. As empresas de inserción e os traballadores que estean nalgunha das situacións previstas no artigo 2 desta lei poderán celebrar o contrato regulado na disposición adicional primeira da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, coas peculiaridades establecidas neste artigo.

2. O contrato ten por obxecto a prestación voluntaria de servizos retribuídos por conta allea nunha empresa de inserción como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

3. Non poderán ser contratados os traballadores que nos dous anos inmediatamente anteriores prestasen servizos, na mesma ou distinta empresa, mediante un contrato de traballo, incluído o regulado neste artigo, salvo que, no suposto de fracaso nun proceso previo de inserción ou no de recaída en situacións de exclusión, o servizo social público competente considere o contrario á vista das circunstancias persoais do traballador.

4. O contrato poderase concertar por un período mínimo de doce meses e máximo de tres anos. Non obstante, poderase celebrar por unha duración menor se, dentro do itinerario de inserción previamente pactado, así o aconsellan os servizos sociais públicos competentes para o seguimento do proceso de inserción, sen que en ningún caso a dita duración poida ser inferior a seis meses.

Se se concerta por unha duración inferior á máxima prevista no parágrafo anterior, poderase prorrogar ata alcanzar a referida duración máxima, sendo a duración mínima de cada prórroga polo menos igual á duración inicial do contrato. Os servizos sociais públicos competentes deberán informar sobre a adecuación da prórroga.

5. Ao finalizar o contrato o traballador terá dereito a percibir unha compensación económica equivalente a doce días de salario por ano de servizo.

6. Non será de aplicación o establecido nos puntos 1, 2, 5 e 6 da disposición adicional primeira da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

7. A contratación de traballadores en situación de exclusión social polas empresas de inserción mediante o contrato regulado neste artigo dará dereito á bonificación aplicable á contratación temporal prevista no artigo 16.3.

CAPÍTULO V

Das medidas de promoción

Artigo 16. *Promoción das empresas de inserción.*

1. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias e no marco dos compromisos asumidos na Unión Europea, actuarán a prol da promoción das empresas de inserción, mediante o apoio á creación e mantemento destas, en atención a que poidan cumprir a súa función social de facilitar a inserción das persoas en situación de exclusión no mercado de traballo ordinario.

2. As empresas de inserción poderán ser beneficiarias de axudas financeiras para a súa adaptación ás previsións desta lei, para a súa constitución, posta en marcha e desenvolvemento da súa actividade, así como en concepto de asistencia técnica, formación e contratación de técnicos para a súa xestión, e en concepto de actuacións de I+D+i.

3. As empresas de inserción poderanse beneficiar das seguintes clases de axudas:

a) Bonificacións das cotas da Seguridade Social, nos contratos de traballo das persoas referidas no artigo 2, de 70,83 euros/mes (850 euros/ano) durante toda a vixencia

do contrato, ou durante tres anos en caso de contratación indefinida.

Aplicarase o establecido na Lei 43/2006, do 29 de decembro, en canto aos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, ás exclusións na aplicación das bonificacións, contía máxima, incompatibilidades ou reintegro de beneficios.

b) Subvencións para o mantemento dos postos de traballo para a inserción sociolaboral, en concepto de compensación económica aos sobrecostos laborais derivados dos procesos de inserción.

c) Axudas ao investimento fixo afecto á realización do seu obxecto social.

4. As empresas de inserción promovidas polas administracións ou entidades públicas poderán ser beneficiarias das axudas a que se refire o punto anterior.

5. As empresas de inserción ou as entidades promotoras que realicen servizos de acompañamento para a inserción sociolaboral a que se refire o artigo 3 desta lei poderán recibir axudas da administración correspondente para a súa execución.

6. Para defender os intereses das empresas de inserción, así como para organizar servizos de asesoramento, formación, asistencia xurídica ou técnica e cantos sexan convenientes para os intereses dos seus socios, as empresas de inserción, dentro do respecto ás normas de defensa da competencia, poderanse organizar en asociacións ou agrupacións específicas, tanto a nivel autonómico como estatal. Estas estruturas asociativas representativas das empresas de inserción poderán recibir axudas económicas por parte das administracións públicas, para sufragar gastos de promoción e funcionamento.

Artigo 17. Réxime xurídico de axudas ou subvencións.

As axudas e subvencións reguladas nesta lei seralles de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CAPÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 18. Infraccións e suxeitos responsables.

1. As accións ou omisións dos empresarios titulares dunha empresa de inserción que incumpran as obrigas que se establecen e tipifican nesta lei, constituirán infracción administrativa na orde social e serán obxecto de sanción conforme o establecido nas disposicións xerais e comúns do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposición adicional primeira. Aplicación da normativa da Lei de contratos do sector público.

As condicións especiais de execución dos contratos poderán incluír consideracións relativas á situación da exclusión social dos traballadores vinculados á realización do contrato, de conformidade co disposto na lexislación de contratos do sector público.

Disposición adicional segunda. Cómputo de traballadores en proceso de inserción.

Os traballadores con contrato temporal de fomento do emprego non se computarán para os efectos do establecemento da porcentaxe máxima autorizada de participación de traballadores non socios nas cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais.

Disposición adicional terceira. Avaliación e seguimento do cumprimento da norma.

Os servizos públicos de servizos sociais e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas exercerán a competencia de avaliar, coordinar e velar polo cumprimento dos fins previstos nesta norma respecto ás empresas de inserción no seu ámbito territorial e competencial.

O Consello para o Fomento da Economía Social, creado pola Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas e regulado polo Real decreto 219/2001, do 2 de marzo, adoptará, entre as súas competencias, as de coordinar e velar polo cumprimento dos fins previstos nesta norma.

Así mesmo, corresponderalle ao Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, regulado polo Real decreto 1458/1986, do 6 de xuño, a coordinación e avaliación do cumprimento desta norma no ámbito das súas competencias e funcións.

Disposición adicional cuarta. Medidas de apoio para traballadores provenientes de empresas de inserción e para as empresas que os contraten.

1. Estableceranse medidas específicas de apoio aos traballadores provenientes de empresas de inserción, para o seu establecemento como traballadores autónomos ou en fórmulas de economía social.

2. Aos traballadores provenientes de empresas de inserción que fosen contratados de acordo co establecido no capítulo IV desta lei non lles será de aplicación a exclusión prevista na alínea d) do artigo 6.1 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, cando sexan contratados indefinidamente por empresas ordinarias.

Disposición adicional quinta. Informes dos servizos sociais públicos.

Os informes que se soliciten aos servizos sociais públicos competentes en virtude do previsto no capítulo IV desta lei deberanse emitir nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde a recepción da solicitude.

Transcorrido o devandito prazo, a empresa de inserción poderá adoptar a decisión que en cada caso corresponda, respectando o establecido na lexislación laboral.

Disposición transitoria primeira. Adaptación das empresas de inserción e das normas autonómicas ás previsións da lei.

1. As empresas de inserción xa existentes na data de entrada en vigor da lei, para se acoller ao regulado nela, deberanse adaptar ás súas previsións nun prazo dun ano a partir da dita entrada en vigor.

2. As previsións contidas nos artigos 7 e 9 para os efectos de cualificación e rexistro das empresas de inserción, serán obxecto de adaptación por parte das comunidades autónomas nun prazo non superior a seis meses a partir da entrada en vigor desta lei.

3. Os contratos de traballo celebrados antes da entrada en vigor desta lei continuarán rexéndose pola normativa legal ou convencional a cuxo abeiro se celebraron.

Disposición transitoria segunda. Adaptación de determinadas entidades ás previsións da lei.

1. As fundacións e asociacións que manteñan actividades de inserción sociolaboral na data de entrada en vigor desta lei, dentro do ano seguinte á dita data, como tales entidades e para o referido ámbito funcional, poderán solicitar a súa inscrición no Rexistro administrativo de

empresas de inserción, e ser cualificadas provisionalmente como tales, sempre que as súas actividades se correspondan coas definidas para estas empresas e cumpran os demais requisitos que para a súa constitución establece esta norma.

2. A cualificación provisional será por un período transitorio de dous anos, durante o cal, para adquirir a cualificación definitiva como empresas de inserción, deberán adoptar a forma xurídica de sociedade mercantil ou sociedade cooperativa.

Disposición transitoria terceira. *Competencias en materia rexistral.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá exercer as funcións a que fai referencia o punto 1 do artigo 7 e o punto 1 do artigo 9 desta lei ata que as comunidades autónomas estean en disposición de as exercer.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional novena da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, así como cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Os artigos da Lei sobre infraccións e sancións na orde social que se relacionan a continuación quedan modificados nos termos seguintes:

Un. Introdúcese un punto 13 no artigo 2, coa seguinte redacción:

«13. As empresas de inserción, respecto das obrigas que se establecen na súa lexislación específica, sen prexuízo do establecido noutros números deste artigo.»

Dous. Modifícase o artigo 5.1, que queda redactado como segue:

«1. Son infraccións laborais as accións ou omisións dos empresarios contrarias ás normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de relacións laborais, tanto individuais como colectivas, de colocación, emprego, formación profesional ocupacional, de traballo temporal e de inserción sociolaboral, tipificadas e sancionadas de conformidade con esta lei. Así mesmo, terán esa consideración as demais accións ou omisións dos suxeitos responsables e nas materias que se regulan neste capítulo.»

Tres. Engádese unha nova sección 5.^a no capítulo II, coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 5.^a INFRACCIÓNS EN MATERIA DE EMPRESAS DE INSERCIÓN

Artigo 19 bis. *Infraccións das empresas de inserción.*

Infraccións das empresas de inserción.

1. Son infraccións graves:

a) O incumprimento de calquera dos requisitos establecidos para a creación das empresas de inserción na normativa aplicable.

b) Ocultar ou falsear a documentación acreditativa das modificacións estatutarias que afectan a cualificación como empresa de inserción.

c) Non facilitar o plan de actividades e o orzamento de cada ano, así como as contas anuais, o informe de xestión e o balance social correspondentes ao peche de cada exercicio económico.

d) Non lles facilitar aos servizos sociais públicos competentes e aos servizos públicos de emprego a información a que se refiren os artigos 12, 13, 14 e 15 da Lei para a regulación do réxime das empresas de inserción.

e) Incumprir as obrigas asumidas no contrato de traballo en relación co proceso persoal de inserción de cada traballador ou non poñer en práctica as medidas concretas previstas no devandito proceso.

2. Son infraccións moi graves:

a) Desenvolver as actividades sen cumprir o fin primordial das empresas de inserción de integración sociolaboral das persoas en situación de exclusión social.

b) Obter ou desfrutar indebidamente subvencións ou axudas establecidas nos programas de apoio á inserción sociolaboral, financiadas ou garantidas en todo ou en parte polo Estado ou polas comunidades autónomas no marco da execución da lexislación laboral alleas ao réxime económico da Seguridade Social.»

Disposición derradeira segunda. *Normas de aplicación e desenvolvemento da lei.*

1. No non previsto nesta norma, e en canto fose de aplicación, observárase o disposto na vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O Goberno, por medio de real decreto, poderá modificar os colectivos que se consideran en situación de exclusión social de acordo co artigo 2.1, logo de informe emitido polas comunidades autónomas e logo de consulta ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas, incluídas as do sector afectado.

3. Facúltase o Goberno para ditar cantas outras disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei no marco das súas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da disposición adicional segunda (exclusión social e fomento do emprego) da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.*

Dáse nova redacción á disposición adicional segunda (exclusión social e fomento do emprego) da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, que queda redactada como segue:

«Para os efectos do programa de fomento do emprego regulado na sección 1.^a do capítulo I desta lei, a situación de exclusión social acreditarase pola pertenza a algún dos colectivos relacionados no punto 1 do artigo 2 da Lei para a regulación do réxime das empresas de inserción.»

Disposición derradeira cuarta. *Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción.*

O Goberno, por proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, procederá a aprobar, nun prazo non

superior a seis meses a partir da publicación desta norma no «Boletín Oficial del Estado», o regulamento de funcionamento do Rexistro administrativo de empresas de inserción, que incluíra as normas de coordinación e intercambio de información rexistral e estatística cos rexistros competentes das comunidades autónomas.

Disposición derradeira quinta. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado, atribuída polo artigo 149.1. 7.^a da Constitución, en materia de lexislación laboral, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla en materia de asistencia social.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21493 LEI 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural. («BOE» 299, do 14-12-2007.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A importancia actual do medio rural en España, que integra o 20 por cento da poboación, que se elevaría ata o 35 por cento se se inclúen as zonas periurbanas e afecta o 90 por cento do territorio, e o feito de que neste inmenso territorio rural se encontran a totalidade dos nosos recursos naturais e unha parte significativa do noso patrimonio cultural, así como as novas tendencias observadas na localización da actividade económica e residencial, confíren a este medio unha relevancia maior da concedida na nosa historia recente.

O intenso desenvolvemento económico acontecido no noso país durante as últimas décadas, que deu lugar a un salto moi significativo nos niveis de renda e benestar dos cidadáns, concentrouse, ao igual que aconteceu nos países da nosa contorna, no medio máis urbano e, en menor medida, nas zonas máis rurais. Este fenómeno, característico do desenvolvemento económico moderno, maniféstase na persistencia dun atraso económico e social relativo no medio rural, debido a causas económicas, sociais e políticas que son evitables.

A maioría dos países máis desenvolvidos do mundo posúen políticas específicas de desenvolvemento rural para mellorar a situación das súas zonas rurais. Así aconteceu nos principais países europeos, e na propia Unión

Europea, onde as medidas de política rural viñeron constituíndo unha parte significativa da política de cohesión e da política agraria común.

España cubriu a ausencia dunha política rural propia ata o presente coa aplicación de regulamentos comunitarios, pero necesita dotarse dunha lexislación axeitada para o fomento do desenvolvemento do seu medio rural, xa que na nova Europa do século XXI a política rural tende a depender subsidiariamente dos Estados membros.

A definición desta política rural debe ter como referente as políticas comúns europeas e as orientacións comunitarias, como a Estratexia de Lisboa de 2000 en relación co emprego e a competitividade ou a Declaración de Gotemburgo de 2001 en relación co logro dun desenvolvemento sustentable. Pero, ao mesmo tempo, é necesario establecer unha política rural propia, plenamente adaptada ás nosas condicións económicas, sociais e ambientais particulares.

Toda política rural debe buscar o logro dunha maior integración territorial das zonas rurais, facilitando unha relación de complementariedade entre o medio rural e o urbano e fomentando no medio rural un desenvolvemento sustentable. Esta iniciativa debe partir do Estado, concertarse coas comunidades autónomas e as entidades locais, respectando o marco competencial, e promover a participación do sector privado.

Polo que se refire ao seu alcance, trátase dunha lei que comprende todo tipo de accións e medidas de desenvolvemento rural sustentable, tanto de orixe nacional como comunitaria, aplicadas pola Administración xeral do Estado e concertadamente coas demais administracións públicas, segundo as súas respectivas competencias.

Así mesmo, o alcance deste conxunto de accións e medidas é relevante, pretende levar a cabo un impulso de desenvolvemento nas zonas rurais e, prioritariamente, nas que padecen un grao maior de atraso relativo, calquera que sexa a súa localización dentro do Estado. Esta é unha lei que define unha acción política de primeira orde polo volume de poboación potencialmente beneficiaria, pola amplitude do territorio de actuación afectado e pola cantidade de recursos financeiros públicos e privados que se verán comprometidos.

En canto ao seu contido, a lei persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade. En particular, concédeselles unha atención preferente ás mulleres e aos mozos, dos cales depende en boa medida o futuro do medio rural.

É unha lei de orientación territorial, o que implica que será aplicada tomando en consideración criterios e directrices de ordenación territorial. Singularmente, a lei ten en conta zonas rurais diferenciadas segundo unha tipoloxía establecida, define zonas rurais prioritarias e prevé o establecemento dun plan por zona rural.

As accións e medidas previstas na lei son multisectoriais e ambientais. Coherentemente, reflicten a nova realidade dun medio rural economicamente cada vez máis diversificado e ao cal se lle recoñece unha importante multifuncionalidade para a sociedade no seu conxunto.

Por último, a aplicación desta lei require un elevado grao de gobernanza. Para iso establécense instrumentos de programación e colaboración entre administracións, principalmente un programa de desenvolvemento rural sustentable plurianual, e promóvese e incentívase a participación do sector privado no proceso de desenvolvemento rural sustentable.

II

A lei consta de 40 artigos distribuídos en catro títulos e nove disposicións complementarias.